

## César Morán: 'A Academia non estivo á altura'

[César C. Morán Fraga](#) é Catedrático de Lingua e Literatura Galega. Neste artigo valora as posibilidades e horizontes que abría o acordo e lamenta a posición que tomou a Academia: 'desde hoxe, e perante tamaño despropósito, para min e para moitos lingüistas, escritores e profesionais do ensino, tanto nos dá que a Real Academia exista como que non'. Velaquí o seu artigo.

- 09:24 20/11/2001

O rexeitamento por parte da Real Academia do recente acordo entre os lingüistas representantes das tres universidades galegas non cerra senón que abre un novo capítulo no proceso normalizador do noso país. E isto é así porque, co seu proceder, a Academia Galega demostra non ter sabido estar á altura das circunstancias nun momento clave do problema, cando era sabido que se esperaba dos seus integrantes unha actuación responsábel e acorde coa xenerosa actitude dos especialistas que, tras un ano de reunións negociadoras, souberon chegar ao que todos consideraban “o único acordo posíbel”.

Con independencia da maior ou menor sorpresa que tal rexeitamento está a provocar nos que, como profesionais con conciencia lingüística, temos unha xa longa experiencia arredor dun conflito que interrelaciona o problema da norma co problema do uso, o público en xeral debe coñecer algúns extremos sobre o particular: e o primeiro de todos é que as novidades introducidas no acordo agora rexeitado non só eran mínimas e mesmo pouco satisfactorias para os sectores máis críticos con respecto ás normas do 82, senón que en xeral xa figuraban en letra pequena na citada normativa. Non se trata, pois, da instauración dunha normativa reintegracionista de máximos nen de mínimos, aínda que existiu neste sentido unha certa e deliberada propaganda para conseguir, acaso, o triste resultado que agora resulta ser noticia.

É verdade que, ao longo dos últimos vinte anos, despois de terse aprobado e imposto unha normativa non consensuada entre os lingüistas do país, e sabendo das fortes discrepancias que desde entón até hoxe suscitou e suscita, o máis grave problema non foi apenas a diverxencia de opinións. Foi especialmente un problema de censura e exclusión dos elementos discrepantes, o que tampouco se ía solucionar da noite para a mañá coa aprobación dunha normativa de concordia. Certamente. Mais este recente acordo era, sen dúbida, un paso adiante, que se perfilaba como distensión necesaria e demostraba a capacidade das partes para confluiren e cederen, aínda que fose en puntos mínimos.

Chegados a este trance, preguntámonos -e non podemos menos que preguntarnos- quen cren que son estes ilustres señores da Academia para se erixiren en salvadores dunha causa histórica por riba do ben e do mal, anulando ou descualificando o “bon senso” dos lingüistas. ¿Quen pensan que son estes señores, de eminente prestixio cultural, mais só en parte especialistas na materia que nos ocupa, membros dunha Academia que sen dúbida é “galega” e é “real”, pero que propiamente non é “da lingua”? ¿Como se pode levar a contraria

ao que o “bon senso” reclama e obrar con total irresponsabilidade?

A esta hora poderíamos estar a celebrar o principio da confluencia, mais infelizmente a decisión da Academia apunta noutras direccións. Se nos últimos anos semellaba que só o camiño da “moderación” e da flexibilidade podería levarnos a un consenso, agora a intransixencia non fará máis que radicalizar as posturas, porque esa vai ser a consecuencia do desencanto. Non estamos aquí para vislumbrar o que vaian facer no sucesivo os académicos, especialmente aqueles contrarios á decisión adoptada. Pero algo se perfila con claridade: desde hoxe, e perante tamaño despropósito, para min e para moitos lingüistas, escritores e profesionais do ensino, tanto nos dá que a Real Academia exista como que non.